

7. De conformidade co artigo 51 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e segundo proposta da comisión de secretarios, procede a súa clasificación como de interese para a defensa do medio natural e a súa adscrición á Consellería do Medio Rural.

Fundamentos xurídicos.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía de Galicia establece competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. A escritura de constitución da fundación contén os datos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego

3. Segundo establece o artigo 7 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do rexistro de fundacións de interese galego, corresponde á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá as funcións de protectorado.

De conformidade co exposto e considerando que se cumpren as condicións establecidas pola normativa vixente en materia de fundacións de interese galego, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día dous de novembro de dous mil nove

#### DISPOÑO:

Clasificar como de interese para a defensa do medio natural a *Fundación Val do Navea*, adscribíndoa ao protectorado da Consellería do Medio Rural.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.*

Vista a proposta do director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, de conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

#### RESOLVO:

Primeiro.-Integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia os centros bibliotecarios relacionados no anexo,

comezando pola Biblioteca Municipal Os Rosales (A Coruña) e rematando pola Axencia de Lectura de Tremoedo (Vilanova de Arousa, Pontevedra).

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior aos tres meses. De non cumprirse este prazo, deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solitude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

#### ANEXO

Biblioteca Municipal Os Rosales (A Coruña).  
Biblioteca Pública Municipal de Carballedo (Lugo).  
Biblioteca da *Fundación Luís Tilve* (Santiago de Compostela, A Coruña).  
Biblioteca Pública de Salceda de Caselas (Pontevedra).  
Biblioteca Pública Municipal de Lugo.  
Axencia de Lectura de Tremoedo (Vilanova de Arousa, Pontevedra).

*Orde do 11 de novembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 10 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas privadas para a creación e mellora de establecementos turísticos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (CT983G).*

A Orde do 10 de agosto pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas privadas para a creación e mellora de establecementos turísticos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (DOG número 159, do 14 de agosto) dispón no artigo 17.2º do seu anexo I o prazo para xustificar a anualidade 2009 e no artigo 18 o pagamento da subvención.

Non obstante, visto que o prazo concedido é insuficiente para a realización desta e, dado o elevado número de solicitudes presentadas, é necesario modificar os artigos anteriores no sentido de ampliar o pra-

zo e de prever a posibilidade de realizar pagamentos anticipados.

Polo exposto, en uso das facultades que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º**

O artigo 17.2º do anexo I queda redactado como segue:

«2. Para cobrar a primeira anualidade (ano 2009) da subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 15 de decembro de 2009 para presentar nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria a documentación que a continuación se indica:».

A ampliación do prazo establecido non afectará os demais previstos na orde.

**Artigo 2º**

Engadir ao artigo 18 do anexo I o artigo 18 bis:

**Artigo 18º bis.-Pagamentos anticipados.**

Os beneficiarios da subvención poderán solicitar no prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da notificación da resolución da subvención concedida, pagamento anticipado, que supoñerá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas seguintes condicións:

a) O importe do pagamento anticipado poderá acadar ata o 50% da subvención concedida, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

b) Constituír garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110% do importe das cantidades anticipadas, calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria e que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto no artigo 17 das bases reguladoras da Orde do 10 de agosto.

Tal e como establece o artigo 69 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de facenda.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

**CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR**

*Orde do 20 de novembro de 2009 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que terá lugar os días 23 e 24 de novembro de 2009.*

O artigo 28.2º da Constitución española reconece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga. O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño), entre os cales se atopan a asistencia social e educación.

O servizo público da asistencia social e educación non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta aos conselleiros ou conselleiras competentes por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que terá lugar o día 23 de novembro de 2009 desde as 22.00 horas ata as 22.00 horas do 24 de novembro de 2009 e que afectará o persoal que presta os seus servizos no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, outorgada audiencia ao comité de folga,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º**

A convocatoria de folga realizada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, deberá entenderse condicionada ao mantemento dos servizos mínimos, segundo os criterios que se dispoñen nesta orde.

A folga abrangue toda a xornada laboral e afecta todas as quendas e todos os centros de traballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Por tanto, os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a axeitada cobertura do servizo esencial de asistencia social e